

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS "ASPANEPS", PARA A IMPLANTACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL NO EIDO DOS TRASTORNOS DA APRENDIZAXE E TRASTORNOS DE SAÚDE MENTAL RELACIONADOS EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUENIL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 11.06.2026 coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS" o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto Este convenio ten por obxecto a realización, por parte da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS", da implantación e actualización do proceso asistencial no eido dos trastornos da aprendizaxe e trastornos de saúde mental relacionados en saúde mental infanto-xuvenil. O dito programa desenvolverase en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, e a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O obxectivo xeral é apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades na aprendizaxe que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración psicosocial, así como ás súas familias e outros axentes sociais, a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitadoras que garanten unha saúde mental integral. En concreto, en colaboración cos dispositivos de saúde mental da área sanitaria e os servizos de orientación dos

centros educativos da área sanitaria, promoverase a identificación e detección de circunstancias que conflúan nun problema de aprendizaxe e precipiten alteracións de conduta na infancia.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento de actuacións formativas na materia obxecto deste convenio, tanto dando traslado das necesidades detectadas, como colaborando no desenvolvemento dos programas.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da comunidade autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

O Plan de Acción de Salud Mental 2025-2027 resalta que os nenos, nenas e adolescentes son un grupo de poboación especialmente vulnerable e, dada a relevancia da prevención durante este momento do desenvolvemento, considera a necesidade dunha abordaxe específica para que podan crecer nun entorno seguro dada a súa dependencia do contexto familiar, educativo e social, o que determinará en grande medida a realidade adulta futura.

Neste sentido, é importante ofrecer ás familias (particularmente a aquelas que se ven inmersas en situacións de necesidade, carencia, estrés ou conflito) e mesmo outros axentes sociais que o requiren, os recursos e axuda necesaria para atopar unha solución axeitada ás súas dificultades, evitando na medida do posible chegar a situacións de desigualdade, desprotección e/ou maltrato. Promover a saúde mental nos nenos/as, previr, diagnosticar e tratar correctamente, non é so un acto de xustiza social, senón unha medida de aforro e de boa xestión económica.

O presente convenio formalizouse con ASPANEPS, que é unha asociación sen ánimo de lucro cun ámbito de actuación estatal, sendo a súa maior área de influencia as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Constituíuse en Ferrol no ano 1980 a partir da iniciativa de pais e nais que buscaban atender necesidades específicas de tipo pedagóxico e social dos seus fillos e fillas, para favorecer un maior grado de bienestar persoal e social. A misión de ASPANEPS é dar unha resposta biopsicosocial ás unidades familiares con menores ao seu cargo e/ou a persoas con discapacidade intelectual para favorecer a súa autonomía e integración social.



ASPANEPS foi declarada de Utilidade Pública o 6 de marzo de 1997 e está inscrita no rexistro nacional e provincial de asociacións, no rexistro de asociacións prestadoras de servizos sociais e no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios, entre outros.

Dende o ano 2019 forma parte de FEAFES (Federación de Asociacións de Familiares y Personas con Enfermedad Mental).

Dende a creación da Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil (USM-IX) do Hospital Naval de Ferrol en abril de 2018, ASPANEPS desenvolve o programa de enlace do proceso asistencial para a promoción, tratamento e rehabilitación en saúde mental en coordinación coa dita unidade, coa finalidade de actuar conxuntamente aportando recursos dende unha perspectiva biopsicosocial e comunitaria, tendo en conta que a elevada e cada vez máis complexa demanda asistencial require dun proceso de avaliación que facilite o diagnóstico diferencial e aporte unha perspectiva clínica dende a que determinar a presenza ou non de psicopatoloxía, orientar a intervención e garantir o seguemento e a continuidade asistencial.

En virtude deste convenio, a ASPANEPS encárgase da implantación e actualización do proceso asistencial no eido dos trastornos da aprendizaxe e trastornos de saúde mental relacionados en saúde mental infanto-xuvenil, que se desenvolve en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

Os programas que levan a cabo presentan unha elevada especificidade técnica, requirindo metodoloxías de intervención adaptadas ás necesidades de menores con discapacidade intelectual en situación de vulnerabilidade, protocolos individualizados e unha intervención integral coordinada co Servizo Galego de Saúde.

Esta especificidade técnica esixe equipos profesionais altamente cualificados, con formación e experiencia acreditada na atención a menores con trastornos da aprendizaxe e trastornos de saúde mental, así como mecanismos estables de coordinación cos recursos públicos implicados.

Este proxecto enmárcase no desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia posCOVID 19 para o período 2020-2024, prorrogado na actualidade. En concreto, persegue avanzar e acadar os obxectivos propostos, recollidos no eixo estratéxico "*Saúde mental na infancia e adolescencia*" e o obxectivo 4.3: favorecer a accesibilidade aos equipos de saúde mental infanto-xuvenil. Para iso, este convenio da amparo ao desenvolvemento da actualización e implantación dos procesos asistenciais en patoloxías prevalentes e complexas do ámbito infanto-xuvenil, nos seguintes ámbitos: Trastorno Específicos da Linguaxe, Trastorno por déficit de atención e Hiperactividade e Trastornos do Aprendizaxe.

O obxectivo xeral do convenio é apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen trastornos de saúde mental derivados ou relacionados con dificultades na aprendizaxe que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración psicosocial e escolar, así como atender ás súas familias e colaborar con outros axentes sociais, a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitadoras que garanten unha saúde mental integral.



En concreto, e en colaboración cos dispositivos de saúde mental e os servizos de orientación dos centros educativos da área de referencia, promoverase a identificación e detección de circunstancias que conflúan nun problema de aprendizaxe e precipiten alteracións de conduta e trastornos de saúde mental na etapa infanto-xuvenil.

A poboación obxecto do programa son menores de 0 a 17 anos inclusive, derivados da USM-IX da área sanitaria de Ferrol que precisan avaliación e seguimento psicoeducativo e psicoterapéutico.

As actuacións obxecto do convenio responden a razóns de interese público de carácter social, sanitario, económico e humanitario, ao dirixirse a un colectivo especialmente vulnerable, que require unha atención especializada e continuada.

A poboación de risco atendida consiste, fundamentalmente, en:

- Nenos e nenas que presentan alteracións significativas na adaptación socio-educativa.
- Pais e nais que precisan asesoramento na crianza de nenos/as e adolescentes con dificultades de regulación emocional-conductual.
- Nenos e nenas que precisan incrementar as competencias cognitivas, comunicativas, relacionais, pedagóxicas e psicomotrices, entre outras, de cara a un maior desenvolvemento psicosocial e una maior adaptación socio-educativa.
- Pais e nais que precisan asesoramento e orientación en relación a dificultades específicas na aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as.
- Mozos e mozas que a partir da puberdade presentan inhibición emocional importante que altera significativamente as súas relacións psicosociais e a súa evolución cognitiva provocando illamento, pasividade, baixa estima e problemas de rendemento académico, entre outros.

Desde unha perspectiva humanitaria, resulta esencial proporcionar unha atención respectuosa cos dereitos fundamentais das persoas destinatarias e favorecedora de procesos reais de recuperación persoal e integración comunitaria.

As actuacións obxecto do convenio veñen desenvolvéndose de forma continuada, constituíndo actuacións plenamente integradas e consolidadas nas políticas públicas autonómicas.

A súa interrupción tería suposto un prexuízo directo para as persoas destinatarias, incrementando a súa vulnerabilidade e comprometendo a eficacia dos procesos de intervención en curso e os obxectivos de interese público, social e humanitario perseguidos.

O financiamento do presente convenio está previsto a través dunha consignación nominativa nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, cunha partida específica de cento cincuenta e mil euros (150.000,00 €) na aplicación orzamentaria 5001.413A.481.26, código de proxecto 2021 00001, o que garante a cobertura económica dos programas e reforza o compromiso institucional coa súa continuidade.



Ata decembro de 2025 asistiron de forma activa a este programa 344 beneficiarios, estimándose que o número de nenos/as e adolescentes beneficiarios de nova incorporación ao longo de 2026 será de entre 220 e 250, xunto ás súas familias.

A colaboración do Servicio Galego de Saúde para o desenvolvemento destes programas realízase mediante a achega dunha subvención que se concede de forma directa, de acordo co establecido no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, garantindo así o adecuado financiamento e a continuidade das actuacións especializadas.

A formalización do convenio baséase exclusivamente en consideracións derivadas do interese sanitario, social e humanitario, así como en razóns de eficacia e falta de medios do Servicio Galego de Saúde, que non podería desenvolver directamente estes programas.

Por todo o exposto, e de acordo co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non procedía promover a concorrência pública para a realización das actuacións obxecto deste convenio, pola súa elevada especificidade técnica, a vulnerabilidade da poboación destinataria, a continuidade das actuacións, as finalidades específicas de apoio, orientación e asesoramento para garantir unha saúde mental integral da poboación infanto-xuvenil e as súas familias, así como a existencia de financiamento previsto nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

